



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 881997654
conselloescolar@edu.xunta.es



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN ASPECTOS
ESPECÍFICOS DA FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DAS ENSINANZAS DE
FORMACIÓN PROFESIONAL DO SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA E SE ESTABLECEN
VINTE E UN CURRÍCULOS DE TÍTULOS PROFESIONAIS BÁSICOS.

O día 12 de xuño de 2014 reuniese o Pleno do Consello Escolar de Galicia para debater as emendas ao proxecto de decreto polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Na sesión sometéronse á votación as emendas presentadas polas organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT, e pola Federación Galega de MRP, Coordenadora Galega de MRP, pola Federación Educación e Xestión e pola Federación Autonómica de Centros de Ensino Privados. Das 61 emendas presentadas 5 foron aceptadas no ditame provisorio elaborado pola Comisión Permanente, 43 foron votadas en contra, 7 foron decaeron ou foron retiradas polos emendantes, 5 foron votadas a favor da emenda e 1 delas quedou de revisarse pola Administración educativa.

Ao final da votación das emendas, tal e como é perceptivo, someteuse a votación o ditame, resultando a votación como segue: votos a favor, 0; votos en contra, 0, abstencións, 23.

Como resultado final o Consello Escolar de Galicia **acorda non aprobar ningún ditame** sobre o proxecto de decreto polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

En consecuencia, non se propón ningunha modificación en relación co referido proxecto de decreto.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2014

O Secretario

V. e pr.

O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés



José Alejo Losada Aldrey